



Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa
REDE DE CONSERVATORIOS DE MÚSICA E DANZA DE GALICIA

MD85PRO01

Programación da materia de Trompa

CURSO 2021/22

Modelo. Programación. MD85PRO01. 22/09/2021.



Profesor: Fuentes Arce, Jorge Manuel





Índice

INTRODUCCIÓN.....	5
1. METODOLOXÍA.....	6
1.1 Principios metodolóxicos.....	8
2. Atención á diversidade.....	11
3. Temas transversais.....	12
3.1 Educación en valores.....	12
3.2 Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC´s).....	14
4. Actividades culturais e de promoción das ensinanzas.....	15
5. Curso: 1º GRAO ELEMENTAL.....	15
5.1 Obxectivos.....	15
5.2 Contidos.....	16
5.3 Avaliación.....	17
5.4 Ampliación de matrícula.....	22
5.5 Medidas de recuperación.....	23
5.6 Recursos didácticos.....	26
5.7 Adaptación en caso de docencia non presencial.....	29
6. Curso: 2º GRAO ELEMENTAL.....	30
6.1 Obxectivos.....	30
6.1 Contidos.....	31
6.2 Avaliación.....	32
6.3 Ampliación de matrícula.....	37
6.4 Medidas de recuperación.....	38
6.5 Recursos didácticos.....	41
6.6 Adaptación en caso de docencia non presencial.....	44
7. Curso: 3º GRAO ELEMENTAL.....	45
7.1 Obxectivos.....	45
7.2 Contidos.....	46
7.3 Avaliación.....	47
7.4 Ampliación de matrícula.....	52
7.5 Medidas de recuperación.....	53
7.6 Recursos didácticos.....	56
7.7 Adaptación en caso de docencia non presencial.....	59
8. Curso: 4º GRAO ELEMENTAL.....	60
8.1 Obxectivos.....	60
8.2 Contidos.....	60





8.3	Avaliación.....	61
8.4	Medidas de recuperación.....	66
8.5	Recursos didácticos.....	69
8.6	Adaptación en caso de docencia non presencial.....	73
9.	Curso: 1º GRAO PROFESIONAL.....	74
9.1	Obxectivos.....	74
9.2	Contidos.....	74
9.3	Avaliación.....	75
9.4	Ampliación de matrícula.....	79
9.5	Medidas de recuperación.....	80
9.6	Recursos didácticos.....	83
9.7	Adaptación en caso de docencia non presencial.....	86
10.	Curso: 2º GRAO PROFESIONAL.....	86
10.1	Obxectivos.....	86
10.2	Contidos.....	87
10.3	Avaliación.....	88
10.4	Ampliación de matrícula.....	91
10.5	Medidas de recuperación.....	92
10.6	Recursos didáctico.....	95
10.7	Adaptación en caso de docencia non presencial.....	98
11.	Curso: 3º GRAO PROFESIONAL.....	99
11.1	Obxectivos.....	99
11.2	Contidos.....	99
11.3	Avaliación.....	100
11.4	Ampliación de matrícula.....	104
11.5	Medidas de recuperación.....	105
11.6	Recursos didácticos.....	108
11.7	Adaptación en caso de docencia non presencial.....	111
12.	Curso: 4º GRAO PROFESIONAL.....	112
12.1	Obxectivos.....	112
12.2	Contidos.....	113
12.3	Avaliación.....	113
12.4	Ampliación de matrícula.....	117
12.5	Medidas de recuperación.....	118
12.6	Recursos didácticos.....	121
12.7	Adaptación en caso de docencia non presencial.....	124
13.	Curso: 5º GRAO PROFESIONAL.....	125
13.1	Obxectivos.....	125
13.2	Contidos.....	125





13.3	Avaliación.....	126
13.4	Ampliación de matrícula.....	130
13.5	Medidas de recuperación.....	130
13.6	Recursos didácticos.....	133
13.7	Adaptación en caso de docencia non presencial.....	136
14.	Curso: 6º GRAO PROFESIONAL.....	137
14.1	Obxectivos.....	137
14.2	Contidos.....	138
14.3	Avaliación.....	139
14.4	Medidas de recuperación.....	142
14.5	Recursos didácticos.....	145
14.6	Adaptación en caso de docencia non presencial.....	148
15.	Procedementos de avaliación e seguimento da programación didáctica...149	
16.	Procedementos para realizar a avaliación interna do departamento.....149	
17.	ANEXOS.....150	
17.1	Probas de acceso 1º de grao profesional.....	150
17.2	Probas de acceso a outros cursos.....	152
	Rúbrica de avaliación. MATERIA: TROMPA.....157	
	Rúbrica de avaliación. MATERIA: TROMPA.....159	
	Rúbrica de avaliación. MATERIA: TROMPA.....160	
	Rúbrica de avaliación. MATERIA: TROMPA.....164	
	Rúbrica de avaliación. MATERIA: TROMPA.....166	
17.3	17.3 Criterios para a obtención dos premios fin de grao.....	166





INTRODUCCIÓN

O curso académico 2021-2022 segue marcado pola situación de pandemia provocada polo COVID-19. Non afectará tanto ós contidos establecidos nas programacións didácticas como ocorreu no curso anterior, senón mais ben á organización dos espazos, realización de actividades complementarias e extraescolares e ás medidas de hixiene e control en todo o centro, especialmente nas aulas.

O marco legal polo que se elabora esta programación pódese consultar tanto na web do centro coma na páxina da Consellería de Cultura, Educación e Universidade.

Características do centro

O Conservatorio Profesional de Música de Santiago de Compostela atópase situado ao norte da cidade e foi construído no ano 2004. É polo tanto un edificio de nova creación, arquitectonicamente moi vistoso, e con moita luz pero moi reducido para a demanda existente neste momento. Depende organicamente da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia e nel impártense as materias de grao elemental e profesional que están reguladas nos Decretos 198/2007 e 203/2007 polos que se establece a ordenación dos respectivos graos das ensinanzas de réxime especial de música.

A cidade conta na actualidade no seu ámbito musical con unha Orquestra Sinfónica profesional, a Real Fiharmonía de Galicia, con un nivel moi alto e unha programación estable coa súa sé no Auditorio de Galicia, unha sala de concertos que atrae actuacións de gran calidade ao longo do ano e que fai que a cidade conte con unha programación musical estable. Conta tamén con unha Banda de Música Profesional, A Banda de Música Municipal de Santiago de Compostela, e outras agrupacións non profesionais como o Orfeón Terra Nosa, a Orquestra da USC, etc.





Características do alumnado

O conservatorio conta cunha media de 500 alumnos/as. Nel conviven alumnos de características socioculturais e socioeconómicas moi distintas, temos por un lado o alumnado maioritariamente da cidade e do contorno mais próximo con un nivel sociocultural e económico moi variado que buscan no conservatorio unha formación musical complementaria aos seus estudos xerais. Por outro lado temos alumnado dun contorno mais afastado, procedente de escolas de música de lugares como Arca, Valga, Silleda, Vedra, Teo, Rianxo, etc., con unhas inquedanzas distintas e moitas veces con un interese por completar os estudos profesionais e seguir cos estudos superiores de música, e nalgúns casos con un esforzo moito maior en canto a desprazamento. Aínda existe unha variable mais, Santiago de Compostela conta con un campus universitario que atrae alumnado procedente de outros conservatorios de Galicia que queren compatibilizar os seus estudos universitarios coa finalización dos estudos profesionais de música no Centro.

Todo isto da lugar a unha grande heteroxeneidade no alumnado en canto a dedicación, constancia no estudo, grao de implicación, etc., aspectos a ter en conta na organización do centro e na elaboración das programacións didácticas.

1. METODOLOXÍA

A metodoloxía utilizada nesta programación basearase nun marco teórico constructivista, conectista, conductista e cognitivista, baseado na educación por competencias, tomando referencias da neuroeducación para o deseño das actividades, e da metacognición para a aprendizaxe, facendo unha estimulación dos procesos da memoria e da asimilación. A relación de todos os elementos curriculais, obxectivos, contidos, competencias e criterios de avaliación, faránse patentes dentro das actividades e o desenvolvemento das Unidades Didácticas. Utilizarase a titoria proactiva, coa integración do proceso mayéutico filosófico, buscando a autonomía e a





motivación intrínseca do alumnado, eixe central do ensino, con resiliencia, empatía e asertividade.

Coa finalidade de regular a práctica docente, sinalaranse os seguintes principios metodolóxicos de carácter xeral:

- A finalidade de toda tarefa educativa é o desenvolvemento da personalidade e a sensibilidade propias do/a alumno/a.
- A música deber ser un vehículo de expresión de emocións.
- O profesor dará solucións concretas aos problemas ou dificultades que xurdan. O esforzo irá dirixido en dar opinións e non en impor criterios, orientando, estimulando e ensanchando a receptividade e a capacidade de resposta do/a alumno/a.
- Consegir dalgún xeito un ambiente favorable para desenvolver no/a alumno/a unha cultura musical: asistencia na medida do posible a concertos, escoita de música de calidade en toda a súa contorna, etc.
- A programación deberá ser aberta e flexible para poder atender á diversidade adaptando os obxectivos e contidos ás características e necesidades individuais do alumnado, tratando de desenvolver as súas posibilidades e de suplir as súas carencias.
- A aprendizaxe debe ser significativa e funcional: debe ser posible unha aplicación práctica do coñecemento adquirido e á súa vez os contidos deben ser necesarios para levar a cabo outras aprendizaxes; dado que o alumnado aprende por construción de coñecementos, promoverase a actividade mental e a reflexión, tanto dentro como fora do aula.
- A avaliación é un proceso que debe levar a cabo de forma continua e personalizada, achegándolle información ó/a alumno/a respecto do seu progreso. É necesario que o/a alumno/a participe no proceso a través da auto-avaliación e a co-avaliación impulsando a súa implicación responsable e a súa autonomía. O profesor avaliará, tamén, o seu propio traballo; a efectividade da programación e a súa intervención.



- Promoverase unha experiencia socializadora xa que é unha etapa primordial, polo que se debe fomentar a clase colectiva en busca de, xustamente, esa cohesión e coñecemento da música en grupo.
- A técnica é medio e fin dentro da interpretación musical, superando a pura mecánica de execución, e sendo en si mesma unha “técnica de interpretación”.
- A formación do alumno debe ser entendida como un proceso global no que cobra gran importancia a interdisciplinariedade entre as diferentes áreas e materias, o que implica unha coordinación de traballo de todo o profesorado.
- A adaptación á contorna e á nosa cultura será unha das finalidades primordiais á hora de desenvolver a metodoloxía.
- Na medida do posible promoverase a continuidade profesor-alumno.

1.1 Principios metodolóxicos

Os principios metodolóxicos para o ensino da asignatura de trompa seran:

- A **actividade**, partindo do principio de que as cousas se aprenden facéndoas, trátase de primar os contidos procedimentais sobre os outros.
- A **creatividade**, de forma que o alumno se introduza mediante a práctica na improvisación, a través de elaborar exercicios propios adecuados ao tema que esteamos a tratar ou cadencia propia dun concerto.
- A **unidade de teoría e práctica**, a través da investigación persoal por parte do docente, a audición comparada, o grupo de traballo.
- A **atención personalizada**, pola dedicación exclusiva que leva.
- Deseño de **actividades de reforzo** para o alumno que o necesite.
- A **socialización**, a interpretación supón un elevado nivel de interacción entre o alumnado, o piano acompañante, o grupo... de ahí a dependencia para poder obter resultados aceptables e á vez o respecto por unhas normas de conduta e cara ás directrices impartidas pola dirección.
- A **interdisciplinaridade**, a importancia da relación entre os contidos das distintas materias dun mesmo curso.





- A **globalización**, relacionando os coñecementos do alumno tanto no réxime xeral como no seu quefacer cotián ou outras clases.
- A **educación en valores**, a través do respecto aos demais músicos, respecto á puntualidade, educación pola paz, o medio ambiente, ou a igualdade.
- **Contorna socio cultural**, aproveitando as oportunidades que a sociedade ofrece como concertos, conferencias, bandas de música, fonoteca, hemeroteca, etc.

1.3 Métodos didácticos

Como métodos de aprendizaxe, utilizaranse:

- a) Método de proxectos: Busca a través dos coñecementos que xa posúen, descubrir coa axuda do profesor, outras cousas e comparalas.
- b) Aprendizaxe por descubrimento: Con este método o alumno predomina a observación e análise con datos, para resolver outros problemas. Isto supón que:
- c) O contido principal a aprender non se dá, senón que hai que descubri-lo.
- d) Existe unha etapa de tenteo, anterior á captación do significado.
- e) É necesario unha etapa de interiorización da información descuberta.
- f) Método de Xogos. Utilización do xogo como ferramenta de aprendizaxe esencial.

1.4. Modelo de aprendizaxe

Baséase na aprendizaxe significativa, no que predomina o intuitivo e a comprensión das cousas. Por outra banda temos o construtivo, é dicir, que o alumno constrúe a súa propia aprendizaxe. Os contidos impártense en espiral, xa que en todo momento o que aprenden sévelles para poder seguir evolucionando e, á vez, lembrando o de cursos anteriores.

1.5 Profesorado

Dado o carácter participativo e grupal da música existen uns recursos docentes para poder potenciar a comunicación: actitude positiva, contacto visual, claridade de exposición, así como o trato adecuado, a confianza e a seguridade, forman pezas craves por ambas as partes.





O profesor debe ter unha estreita relación cos demais profesores das outras disciplinas co fin de ter ao alumno informado de calquera incidencia e a súa posterior solución.

Debemos sinalar algunhas estratexias básicas a utilizar:

- Estimular a participación activa do alumnado en clase, tanto nas actividades propostas como no seu punto de vista sobre o traballo realizado.
- Fomentar o traballo en grupo, a través da preparación de audicións, traballo en conxunto ou exposición de temas acordados, análises, etc.
- Evitar as sancións negativas ante o fracaso así como a falta de recoñecemento persoal polo éxito; baseados na educación en valores, o respecto e a tolerancia. Manter ese respecto ante as inseguridades, dúbidas ou fallos do seu alumnado.
- Involucralo a participar na avaliación da súa aprendizaxe, a través da autoavalición.
- Procurar que os e as docentes interveñan na planificación didáctica segundo as súas posibilidades, coñecendo a programación e facilitándolle os materiais.
- O emprego da comunicación non debe ser monótono, senón empregar diferentes recursos, didáctica, e material.
- Emprego de estratexias para lembrar os coñecementos anteriores e aplicalos nos novos.

1.6 Contextos de aprendizaxe

Refírese á motivación e aos condicionantes do alumno.

A) Motivación.

- É habitual que o alumno sinta unha motivación extra cara á materia do seu instrumento, á cal se lle engade o cambio de grao e, en menor medida ás demais.
- Involucralo na participación dos exercicios ou actividades realizadas e intervir sobre o realizado expoñendo o seu punto de vista, sempre desde unha vertente positiva, evitando o negativo.
- Planificar dentro da programación unha adaptación personalizada ás súas necesidades e espertar a súa inquietude por desenvolvela.





- O ambiente musical da súa contorna e o seu apoio é determinante.
- As ofertas musicais da súa zona e o asistir a elas é un estímulo de motivación para o alumnado.

B) Condicionantes do estudo

Os condicionantes do estudo son os habituais para todas as materias, e que inflúen nos contidos conceptuais e nos procedimentais máis comúns (lugar de estudo, períodos de exercicios e descansos, organización e repartición do tempo).

O lugar de estudo ten unha dobre influencia, segundo as características da materia e a índole dos contidos:

- Tipo de trompa que utilizaremos será dobre co fin de poder abarcar os exercicios propostos para a trompa en FA ou Si b
- Á hora de preparar os exercicios ou simplemente tocar, lembrar a importancia da adquisición de hábitos de estudo adecuados.
- A organización do espazo, onde colocamos o atril, a mesa, os libros, cartafoles, etc, a presenza da luz directa, a ventilación do cuarto.
- Á hora de tocar, proporcionando os criterios necesarios, un bo hábito da posición corporal, e o exercicio, estudo, obra que se estea tocando saber en cada momento como ten que realizalo e o que ten que acadar.

2. Atención á diversidade

Realizaremos unha avaliación inicial que nos indique as diferentes características de diversidade que nos axudará a organizar e interpretar correctamente esta información. Dependendo da diversidade poderemos clasificar ao alumnado segundo os seguintes criterios específicos:

- En función do seu diferente nivel musical, dependendo do ritmo da asimilación dos contidos e da unión da técnica coa expresión e a súa aplicación a interpretación.
- En función da súa diferente actitude e interese cara os seus estudos e formación musical: segundo a valoración do alumnado dos seus estudos musicais, determinaremos o seu grao de motivación, se presentan unha boa actitude tanto no





seu estudo na aula como no traballo realizado na casa, ou simplemente toman a asistencia o conservatorio como unha actividade extraescolar mais, neste caso sería interesante contrastar este plantexamento co da súa familia.

- En función do grao de adaptación segundo as súas condicións físicas: o encontrarnos nunha franxa de idade tan ampla atoparémonos con alumnado de diversas condicións físicas, o que condicionará nalgúns casos a practica instrumental. Un caso a ter en conta e o dos aparatos de ortodoncia, xa que aínda que son de uso temporal inflúen directamente na evolución do alumnado.

Buscarase sempre a adaptación por parte do profesor/a ás condicións específicas do alumnado para lograr así unha resposta educativa o mais acorde as súas necesidades.

Crearase un clima apropiado que facilite a integración do/a alumno/a no grupo da clase e posibilite o maior rendemento escolar e satisfacción persoal, ademais de utilizar a flexibilidade a todos os niveis: de contidos, de agrupamento, etc. e o emprego do maior número posible de materiais e recursos de que dispón o centro e que facilite a aprendizaxe. Desaconséllanse os grupos homoxéneos en razón das capacidades de interacción do grupo.

3. Temas transversais

No desenrolo da materia teranse en conta uns valores plantexados nas leis educativas que incidirán na formación integral da persoa mais alá dos estudos de música. Os mesmos son a educación moral e cívica, a educación para a paz e a tolerancia, a educación para a saúde, a educación do consumidor, a educación ambiental e a educación para o lecer.

3.1 Educación en valores

A música, no dobre aspecto de ciencia e arte, contribúe ó desenvolvemento no plano intelectual á vez que no plano emocional/afectivo coma xeito de expresión persoal e interrelación cos demais. Por todo elo posúe un gran potencial no desenrolo do equilibrio persoal e na formación de hábitos de escoita, tolerancia e respecto cara aos demais e cara ao entorno. Neste sentido, a lei educativa actual suscita a educación en





valores, dende todas as actividades do centro, partindo dunha formulación dos contidos ou eixos transversais que, sen adxudicarse a ningunha disciplina, é necesario que estean presentes no currículo para alcanzar a formación integral da persoa. Estas cualidades intrínsecas da práctica e do coñecemento da música concrétanse do seguinte modo nos eixos transversais do currículo:

a) EDUCACIÓN MORAL E CÍVICA E EDUCACIÓN PARA A PAZ: aceptación e recoñecemento dos demais a través do fomento das actividades en grupo e mellora do coñecemento de outras culturas a través da súa música.

b) A EDUCACIÓN PARA A SAÚDE: a práctica da música contribúe ó establecemento de hábitos de hixiene física e mental, xa que fomenta un desenvolvemento persoal equilibrado, a creación de novas vías de comunicación e a tendencia a perseguir a consecución dun ámbito que contribúa ao benestar. O primeiro aspecto cóidase de xeito específico nos contidos que fan referencia á educación da voz e corrección postural requirida tanto no canto coma no movemento e a danza. De xeito global, a música contribúe tamén ao equilibrio persoal na medida que se fomenta a comunicación e se canaliza o desenvolvemento da expresividade, afondando no propio coñecemento e aceptación.

c) A IGUALDADE ENTRE AMBOS OS DOUS SEXOS: no mundo musical evidéncianse ás veces actitudes estereotipadas acerca dos roles masculino e feminino, orixinadas na marxinación histórica -e obsoleta- da muller nos campos que supoñen unha proxección social. Os materiais desta programación non dan cabida a ningún tipo de discriminación relacionada co sexo, nin na elección ou atribución dun instrumento para realizar unha interpretación, nin na distribución de tarefas de cara a crear unha coreografía, nin na composición e improvisación.

d) EDUCACIÓN DO CONSUMIDOR: o mercado relacionado co consumo da música move un considerable volume económico, sendo o alumnado desta etapa un gran consumidor de produtos musicais. Polo tanto, é importante que adquira criterios de optatividade e de calidade que lle permita consumir de forma libre e razoada. Os materiais presentan un abano amplo de estilos musicais, asociados todos eles a unhas





actividades que axudan ao alumnado a descubrilos e aprecialos.

e) EDUCACIÓN AMBIENTAL: é necesario concienciar o alumnado fronte á presenza indiscriminada e abusiva -a miúdo inútil e ademais, agresiva- do son no ámbito, fomentando a formación dunha actitude consciente e crítica.

3.2 Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC's)

Nesta materia, dado o carácter principalmente auditivo, e en algún caso visual, de moitos dos contidos plantexados, o uso das TIC's pode complementar, e mesmo facilitar en boa medida o proceso de ensinanza – aprendizaxe.

Podemos recurrir a materiais audiovisuais para complementar a modo de exemplos prácticos o tratado en cada unha das sesións de clase. Así mesmo, se se estima convinte, achegaráselle ao alumnado material en formato electrónico (textos, gráficos, etc.) que poida axudar á comprensión de calquera dos contidos ou poida complementalos. Así mesmo poderás recomendar á escoita de gravacións polos medios dos que se dispoña (spotify, youtube...) e **farase** uso dunha aula virtual da materia, a criterio do profesor. Non se permitirá a gravación en video e/ou audio ou a toma de fotografías nas sesións de clase se non é co permiso explícito do profesor e dos alumnos e alumnas implicados, e sempre e cando sexa por motivos estritamente pedagóxicos.

Regulamento do uso do mobil e dispositivos electrónicos, así coma de aplicación dos mesmos

1. Non se permite o uso de teléfonos móbiles, así coma calquer outro dispositivo electrónico equiparable, dentro das aulas, agás nos casos en que o profesor ou profesora o autorice, sexa con fins didácticos e así se teña recollido na Programación Didáctica da materia correspondente (apartado referente as TICs).

2. Non se permite o uso na aula ou fora dela de ningún programa ou aplicación informática que recopile ou faga uso de calquer dato do alumnado (datos persoais,





datos de avaliación e seguemento) agás CENTROSNET e TOKAPP, e a súas aplicación para dispositivos móbiles.

3. Poderanse utilizar outros programas ou aplicacións informáticas que non recopile nin faga uso de calquer dato do alumnado (metrónomo, afinador, etc.), se dita aplicación se así se recolle na Programación Didáctica da materia correspondente (apartado referente as TICs).

4. Para o uso de calquer outro programa ou aplicación informática do que non se faga mención na programación didáctica correspondente ou recopile ou faga uso de algún dato de carácter persoal ou referente ao seguemento ou avaliación do alumnado, deberáse pedir autorización expresa a cada alumno ou alumna, ou aos seus titores legais, de ser o caso.

5. No caso de que o profesorado ou o alumnado precisen facer uso do mobil ou de calquer outro dispositivo electrónico semellante nas aulas por algún motivo de forza maior e xustificable, deberá pedirse autorización á Dirección do Centro.

4. Actividades culturais e de promoción das ensinanzas

Seguiráanse as indicacións sanitarias e do centro en relación a COVID-19 e o noso ensino

5. Curso: 1º GRAO ELEMENTAL

5.1 Obxectivos

O ensino da trompa no primeiro curso do grao elemental LOE. terá como obxectivo contribuir a desenvolver nos alumnos as capacidades seguintes:

- a) Adoptar unha posición corporal que permita respirar con naturalidade e que favoreza a correcta colocación do instrumento e a coordinación entre ambas as mans.
- b) Controlar o aire mediante a respiración diafragmática e os músculos que forman a embocadura, de xeito que posibilite unha correcta emisión, afinación, articulación e flexibilidade do son, adecuándonos ó nivel do alumnado.





- c) Saber utilizar con precisión os reflexos necesarios para corrixir automaticamente a afinación das notas e a calidade do son, acorde co nivel que estamos.
- d) Coñecer as características e as posibilidades sonoras do instrumento e sabelas utilizar, dentro das esixencias do nivel, tanto na interpretación individual como na de conxunto.
- e) Demostrar unha sensibilidade auditiva que permita o control permanente da afinación e o perfeccionamento continuo da calidade sonora adecuándose ao nivel.
- a) Interpretar un repertorio básico integrado por obras representativas de diferentes estilos, dunha dificultade acorde con este nivel.

5.2 Contidos

- Práctica da relaxación e da respiración para o desenvolvemento da capacidade pulmonar, ademais dunha correcta posición corporal para unha adecuada iniciación instrumental.
- Fortalecemento dos músculos faciais, mediante exercicios propostos polo profesor.
- Desenvolvemento da sensibilidade auditiva como premisa para a obtención dunha boa calidade de son no rexistro de Do3 a Do 4
- Estudos de emisión do son, relacionado cunha correcta embocadura e unha boa respiración.
- Principios básicos de dixitación no rexistro programado para este nivel.
- Práctica das articulacións, traballando escalas e intervalos con diferentes articulacións.
- Traballo da dinámica, comezando a diferenciar os matices: p e mf
- Desenvolvemento da flexibilidade dos beizos, coa práctica de intervalos ligados e con posicións fixas. Neste nivel serán intervalos de 2ª M e m ligado e picado.
- Estudo da boquilla con exercicios propostos polo profesor, adecuados ás características do alumnado, no caso de ser necesario.
- Adestramento permanente e progresivo da memoria.





- Adquisición de hábitos de estudo correctos e eficaces.
- Lectura á vista de obras ou fragmentos sinxelos.
- Iniciación á comprensión das estruturas musicais nos seus niveis (motivos, temas, períodos, frases, seccións, etc.), para chegar a unha interpretación consciente e non simplemente intuitiva.
- Selección progresiva canto ao grao de dificultade de exercicios, estudos e obras de repertorio que se consideren útiles para o desenvolvemento conxunto da capacidade musical e técnica do alumnado.
- Práctica de conxunto para favorecer a escoita, o ritmo e o timbros dos compañeiros e de un mesmo.

5.3 Avaliación

Para proceder á avaliación do alumnado o profesor utilizará os seguintes instrumentos de avaliación:

IE1. Diario do profesor. Control do proceso de ensinanza-aprendizaxe.	IE2. Ficha de seguemento (Diario do alumno).
IE3. Lista de control.	IE4. Anecdótico (apéndice do profesor)
IE5. Grabacións (contando coa autorización dos representantes legais de acordo á normativa vixente de protección de datos e imaxes).	IE6. Redaccións. Sobre algún tema en concreto, ou algunha inquietude que xurda ao longo da sesión o unha unidade didáctica.
IE7. Escala de estimación	IE8. Enquisas
IE9. Eportfolio (carpeta con ficheiros)	IE10. Contrato profesor-alumno
IE11. Plan de acción semanal. Apoio ficha seguemento	IE12. Cuestionarios app. interactivos.
I.13. Cuestionario verbal av. Inicial	I.14. Plan Lector

A avaliación terá un carácter eminentemente formativo co fin de detectar as dificultades no instante en que se produzan e ofrecer medidas de reforzo en calquera momento do curso. Utilizaranse pois procedementos e ferramentas variados que





permitirán valorar o que se quere medir en cada caso, e que serán determinados polo propio profesor/a en función da adecuación cos obxectivos e os contidos que pretenda avaliar.

Dita avaliación será en todo caso obxectiva, tendo en conta a dificultade de avaliar unha disciplina artística, transparente, xa que se aplicarán os criterios de avaliación e cualificación contidos nesta programación didáctica, e accesible, dado que alumnado e familias disporán de toda a información relacionada coa súa avaliación ao longo de todo o proceso de ensinanza – aprendizaxe.

Criterios de avaliación

- Ler textos a primeira vista con fluidez e comprensión. Este criterio de avaliación pretende constatar a capacidade do alumnado para se desenvolver con certo grao de autonomía na lectura dun texto.
- Memorizar e interpretar textos musicais empregando a medida, a afinación, a articulación e o fraseo adecuados ao seu contido. Este criterio de avaliación pretende comprobar, a través da memoria, a correcta aplicación dos coñecementos teórico-prácticos da linguaxe musical.
- Interpretar obras de acordo cos criterios do estilo correspondente. Este criterio de avaliación pretende comprobar a capacidade do alumnado para empregar o tempo, a articulación e a dinámica como elementos básicos da interpretación.
- Describir logo dunha audición os trazos característicos das obras escoitadas. Con este criterio, preténdese avaliar a capacidade para percibir e relacionar cos coñecementos adquiridos os aspectos esenciais de obras que o alumnado poida entender segundo o seu nivel de desenvolvemento cognitivo e afectivo, aínda que non as interprete por seren novas para el ou por resultaren aínda inabordables pola súa dificultade técnica.
- Amosar nos estudos e nas obras a capacidade de aprendizaxe progresiva individual. Este criterio de avaliación pretende verificar se o alumnado é capaz de





aplicar no seu estudo as indicacións do profesorado e, con elas, desenvolver unha autonomía progresiva de traballo que lle permita valorar correctamente o seu rendemento.

- Interpretar en público, ao menos unha peza de concerto, entre as obras representativas do seu nivel no instrumento, con seguridade e control da situación. Importante: tendo en conta a proximidade da proba de acceso que o alumno terá que facer ó rematar o cuarto curso para continuar no grao profesional, o mínimo esixible continúa sendo unha peza ó curso, pero neste curso pasa tamén a traballarse unha obra cada 10 sesións, tendo que tocar obrigatoriamente unha delas en audición pública e de memoria. Este criterio de avaliación trata de comprobar a capacidade de memoria e autocontrol, e o dominio da obra estudada. Así mesmo, pretende estimular o interese polo estudo e fomentar as capacidades de equilibrio persoal que lle permitan enfrontarse con naturalidade ante un público.

- Actuar como membro dun grupo e manifestar a capacidade de tocar ou cantar, ao mesmo tempo que escoita e se adapta ao resto dos instrumentos ou das voces. Este criterio de avaliación presta atención á capacidade do alumnado para adaptar a súa afinación, precisión rítmica, dinámica, etc., á dos seus compañeiros ou compañeiras nun traballo común, coma nas clases colectivas.

- Interpretar pezas con outros compañeiros demostrando interese e compañeirismo seguindo as indicacións traballadas en clase.

- Presentar o traballo diario semanal proposto cun nivel de estudio aceptable.

- Presentar as escalas programadas para o curso tanto as maiores como as menores dentro do rexistro traballado.

- Presentar unha actitude de compañeirismo e boa predisposición á hora de tocar en grupo ou no momento da sesión co profesor.

Os criterios de avaliación utilizaranse para observar a adquisición dos obxectivos que están programados para cada curso. Deste xeito, e atendendo á individualidade destas





ensinanzas, así como á progresión única de cada alumno, os contidos reflexados nesta programación adecuaranse a cada alumno de forma personalizada, e os criterios de avaliación servirannos os profesores para medir durante todo o curso o grao de adquisición dos mencionados obxectivos. Polo tanto, estando o curso dividido por tres trimestres, o grao de adquisición ten que ser sumativo, polo que non se poden dividir os criterios de avaliación, senón que se teñen que ir sumando de forma gradual ata que no terceiro trimestre, e tal e como manda unha avaliación continua, se avalíe de forma conxunta todos os obxectivos acadados e os que non o están.

Mínimos exixibles

Participar dentro do curso polo menos nunha audición, interpretando sempre obras do nivel.

1º trimestre

- Completar o programa de leccións e escalas proposto para o trimestre, como mínimo ata o 50%.

Método Completo de L. Thevet: pag 42, lec. 65, 66, Pag 43, lec. 67, 71.

Estudios primarios vol 1 de V. Zarzo: lec. 1-8

Aprende tocando la trompa de P. Wastall: Piezas de concierto de la 1 a la 4.

Look, Listen and Learn 1: lecciones 1 a 5

- Mostrar suficiente control dos contidos máis importantes para a práctica da trompa, e presentes en todo o trimestre como son: a relaxación e respiración, o son, a articulación, a afinación e o rexistro.

2º trimestre

- Completar o programa de leccións e escalas proposto para o trimestre, como mínimo ata o 50%.

Método Completo de L. Thevet: pag 42, lec. 65, 66, Pag 43, lec. 67, 71. Pag 44, lec 73, 78.

Estudios primarios vol 1 de V. Zarzo: lec. 8-12,

Aprende tocando la trompa de P. Wastall: Piezas de concierto 4,5

Look, Listen and Learn 1: lecciones 5 a 8





- Mostrar suficiente control dos contidos máis importantes para a práctica da trompa, e presentes en todo o trimestre como son: a relaxación e respiración, o son, a articulación, a afinación e o rexistro.

3º trimestre

- Completar o programa de leccións e escalas proposto para o trimestre, como mínimo ata o 50%.

Método Completo de L. Thevet: Pag 46, lec. 85, 86. Pag 48, lec. 99.

Estudios primarios vol 1 de V. Zarzo: 12-17.

Aprende tocando la trompa de P. Wastall: Piezas de concierto de la 5, 6.

Look, Listen and Learn 1: lecciones 8 a 10

- Mostrar suficiente control dos contidos máis importantes para a práctica da trompa, e presentes en todo o trimestre como son: a relaxación e respiración, o son, a articulación, a afinación e o rexistro .Obter dunha boa calidade de son no rexistro Do3 a Do4. Diferenciación dos matices p e mf

Procedementos e ferramentas de avaliación

A avaliación do alumnado constará de varias fases:

- 1. Avaliación inicial: será realizada ao comezar o curso, momento no que trataremos de detectar o grao de interese do alumnado cara a materia e ver se posúe coñecementos previos.
- 2. Avaliación formativa:
 - Avaliaremos nas sesións presenciais o proceso de aprendizaxe do alumnado para detectar os seus progresos e dificultades, podendo realizar unha atención individualizada.
 - Realizaremos observacións sistemáticas a diario, que serán importantes para avaliar os contidos actitudinais.
 - Realizaremos exercicios e actividades na aula, que permitan ao alumnado ir afianzando os contidos conceptuais e procedimentais (comentarios de partituras e de audicións).





- 3. Avaliación sumativa o final: permitíranos constatar en que medida os alumnos e alumnas alcanzaron os obxectivos propostos en cada unidade.

Non obstante, o carácter da avaliación será continuo: cada alumno/a superará o curso se presenta unha comprensión progresiva e unha aprendizaxe adecuada ao longo de todo o curso académico. Pese a importancia da audición final, esta non será determinante, xa que as actividades de cada unidade didáctica deseñáronse para ir observando o grado de asimilación e esforzo de cada alumno/a.

Criterios de cualificación

30%- Estudo individual e interpretación correcta das obras programadas

30%- Estudo individual e interpretación correcta dos estudos programados

20%- Actitude e compromiso fronte á materia.

20%- Técnica (posición corporal, control do rexistro agudo, flexibilidade, control da columna de aire,...).

5.4 Ampliación de matrícula

O procedemento para a solicitude e resolución de ampliación de matrícula pódese consultar nas N.O.F. do Centro (dispoñibles na páxina web)

Criterios para a ampliación de matrícula

Para proceder á ampliación de matrícula, o alumnos/a deberá demostrar nunha proba práctica que cumpre cos mínimos esixidos no curso no que está matriculado/a. Estes mínimos están na programación de cada curso.

Os criterios de avaliación serán:

- Facer un uso correcto da respiración e ter unha posición corporal e unha embocadura axeitada á práctica instrumental.

- Demostrar certo dominio sobre a calidade do son, timbre e afinación do instrumento.





- Amosar nos estudos, nas obras e nas escalas programadas que é capaz de superar todas as dificultades tanto técnicas do propio instrumento como de lectura que podan aparecer.

Os criterios de cualificación serán:

40%- Interpretación correcta das obras programadas

40%- Interpretación correcta dos estudos programados

20%- Técnica (posición corporal, control do rexistro agudo, flexibilidade, control da columna de aire, ...)

A proba valorarase de 1 a 10 no que a partir do 5 a cualificación é positiva.

5.5 Medidas de recuperación

Dado o carácter continuo da formación instrumental, o/a alumno/a deberá acadar o nivel do curso a recuperar antes de abordar o repertorio do curso seguinte. Non obstante, dado que o programa de cada curso é flexible, poderíase intercalar obras e exercicios de ambos cursos, sempre tendo en conta o criterio do/a profesor/a, sendo aconsellable que o/a alumno/a asista as clases colectivas do curso que debe recuperar.

Procedementos de recuperación ordinarios

Para os alumnos que suspendan algunha das avaliacións parciais do presente curso, realizarase un plan de traballo específico, baseado na programación didáctica da materia, que pode constar de novas actividades de reforzo e de avaliación nos aspectos que precisen de mellora. Dadas as peculiaridades da aprendizaxe instrumental, o feito de centrarnos en maior medida nos aspectos non superados en trimestres anteriores non ten por que supor unha desviación dos obxectivos xerais do presente curso, pois moitos dos obxectivos e contidos están interrelacionados entre si e o traballo específico sobre calquera deles tamén inflúe no nivel de consecución dos demais. Así pois, no momento no que o alumno ou alumna supere ao longo do presente curso cada un dos obxectivos mínimos exixidos na avaliación ou avaliacións parciais que tivera pendentes, estas consideraranse superadas.





Para os alumnos que teñan a materia pendente do curso anterior realizarase un plan de traballo mais específico baseado na programación didáctica da materia e nos puntos que necesiten de unha mais grande mellora por parte do alumno ou alumna, e que poderá constar de novas actividades e/ou recursos complementarios, que axuden a reforzar ditos aspectos. Dadas as peculiaridades da aprendizaxe instrumental, o feito de centrarnos nos aspectos non superados en cursos anteriores non ten por que supor unha desviación dos obxectivos xerais do presente curso, pois moitos dos obxectivos e contidos están interrelacionados entre si e o traballo específico sobre calquera deles tamén inflúe no nivel de consecución dos demais. No momento no que o/a alumno/a supere cada un dos obxectivos mínimos esixidos para o curso que figure como pendente, poderase considerar superado o curso pendente correspondente.

Procedementos de avaliación nos casos en que a avaliación continua non é posible

Como se indica anteriormente, o procedemento xeral de avaliación é o da **avaliación continua** pero, se o profesor/a da materia non ten os datos necesarios para avaliar a algún alumno/a de xeito continuo por mor das faltas de asistencia reiteradas, deberá convocalo para unha única proba (que poderá ter varias partes), de carácter escrita, oral ou instrumental, en función da materia, na semana de exames previa a todas as sesións de avaliación. Neste caso o alumno ou alumna será convocado para dita proba cunha semana de antelación, alúmenos.

Será o criterio do profesor ou profesora o que determine si un alumno/a non pode ser avaliado seguindo os procedementos ordinarios da avaliación continua pero, en todo caso, o número de ausencias do alumno/a deberá ser superior ao 50% das sesións de clase do trimestre.

A proba consistirá no seguinte:

-Interpretación da obra programada para o trimestre



-Catro estudos dos programados no trimestre (dous a elección do alumno e outros dous elixidos polo profesor/a)

- Lectura a primeira vista dun fragmento musical coas dificultades técnicas apropiadas ao curso actual.

-As escalas e arpejos programados no trimestre

Os criterios de cualificación de dita proba serán os seguintes:

-20% Interpretar a obra de acordo cos criterios do estilo correspondente.

-20% Amosar a calidade técnica necesaria para a interpretación da obra.

-30% Amosar a calidade técnica suficiente para a interpretación dos estudos.

-5% Amosar unha facilidade de lectura acorde ao nivel na proba de primeira vista.

-25% Amosar no conxunto da proba un son, control da afinación, dominio do rexistro agudo, flexibilidade e dinámicas adecuados ao curso no que está matriculado o alumno/a.

A non asistencia á proba será cualificada coa nota mínima (1) por parte do profesor/a da materia na sesión de avaliación correspondente.

Probas extraordinarias

Esta proba realizarana as/os alumnas/os que non teñan superados os contidos mínimos ó remate das clases ordinarias.

Pedirase:

- Dúas obras das programadas no curso. (unha delas será escollida pola/o profesor/a)

- Catro estudos dos programados no curso. (dous a elección do alumno e outros dous elixidos polo profesor/a)

- Lectura a primeira vista





- Escalas e arpejos programados para o curso ca velocidade e articulacións que recolle a programación si é o caso.

Os criterios de cualificación de dita proba serán os seguintes:

-20% Interpretar as obras de acordo cos criterios do estilo correspondente.

-20% Amosar a calidade técnica necesaria para a interpretación das obras.

-30% Amosar a calidade técnica suficiente para a interpretación dos estudos.

-5% Amosar unha facilidade de lectura acorde ao nivel na proba de primeira vista.

-5% Coñecemento e correcta interpretación das escalas e arpejos, coas respectivas articulacións, programadas no curso.

-20% Amosar no conxunto da proba un son, control da afinación, dominio do rexistro agudo, flexibilidade e dinámicas adecuados ao curso no que está matriculado o alumno/a.

5.6 Recursos didácticos

En canto aos recursos que imos necesitar para o desenvolvemento normal das clases, citamos os seguintes:

Recursos de aula: mesa, cadeiras suficientes, útiles de escritura, lousa con pentagramas, atrís suficientes, metrónomo, afinador, equipo de música, espello de corpo enteiro. Un piano acústico ou eléctrico e os instrumentos de metal precisos para o bo desenvolvemento das clases. En algún momento puntual tamén se precisará dos recursos do centro (minidisc, cámara de vídeo, reprodutor de vídeo, internet...).

Biblioteca de aula cos libros de estudo, exercicios e obras necesarias. Para poder gardar os materiais necesitaremos un armario-andel.

Cada alumno achegará o seu instrumento e accesorios de limpeza, así como os libros de estudos e exercicios.





EXERCICIOS DE TÉCNICA XERAL:

Práctica dos primeiros sons coa boquilla, relacionando co son da trompa	Coñecemento sobre a suxección e posición correctas do instrumento	Práctica da flexibilidade básica: intervalos de 2ª M e m.
Práctica de escalas: Do M e La m	Práctica da escala cromática de Do3 a Do 4	Práctica de ritmos e melodías improvisadas individuais e en grupo.
Práctica de exercicios simples encamiñados á respiración.		

MÉTODOS DE ESTUDO (Secuenciado de maneira personalizada)

Look, Listen and Learn 1: lecciones 1 a 10	Gimnástica trompística F. Puig	Premieres gammes. (escalas)
Technicor (exercicios propostos polo profesor)	50 estudos de Barry Tuckwell	Aprende tocando la trompa. Peter Wastall (unidades 1-12 coas pezas de concerto)
Exercicios seleccionados polo profesor do Método para trompa de Lucien Thevet, entre as páx. 1 e 70	Estudos primarios para trompa, libro 1º Vicente Zarzo	80 estudos progresivos, 1-25, Edmond Leloir
J'Apprend le cor, Pascal Proust		





OBRAS DE ESTUDO CON ACOMPAÑAMENTO DE PIANO (unha por trimestre)

Petite suite.J.B. Jollet	pezas de concerto (1-6).Peter Wastall	cinco pequenas pezas.F.Puig Parra
la grande École.Pascal Proust	Á bras le cor, P. M. Dubois	The Canadian Brass Beginning horn solos
Baroque is back: Vol. I e II		

Temporalización dos Contidos

Primeira avaliación:

Explicación e desenvolvemento mediante exercicios da respiración diafragmática.	Desenvolvemento da capacidade pulmonar.	Explicación da embocadura e fortalecemento dos músculos faciais.
Elección da boquilla. Estudos de emisión coa boquilla.	Elección e colocación da trompa. Emisión do son.	Principios básicos da dicitación.
Estudo do rexistro medio: Escala de sol maior co arpexio (a 1 oitava)	Peter Wastall: Unidades 1-3.	Escoitar, Ler e Tocar: unidades1-3.

Segunda avaliación:

Desenvolvemento da capacidade pulmonar e fortalecemento dos músculos faciais.	Estudos de emisión coa boquilla e co instrumento.
Práctica das distintas combinacións de dicitación. Escala cromática dende sol (a	Práctica das distintas combinacións da dicitación.





1 oitava).	
Estudo do rexistro medio: Escala de sol maior e fa maior cos arpeixos (a 1 oitava).	
Peter Wastall: unidades 4 a 6.	Escoitar, Ler e Tocar: unidades 4 a 6.

Terceira avaliación:

Desenvolvemento da capacidade pulmonar e fortalecemento dos músculos faciais.	Estudos de emisión coa boquilla e co instrumento. O ligado.
Práctica das distintas combinacións de dixitación. Escala cromática dende do e dende sol (a 1 oitava)	Escalas de sol maior, fa maior, e do maior cos arpeixos (a 1 oitava).
Peter wastall: unidades 7 e 8.	Escoitar, Ler e Tocar: unidades 7 a 9.
Pezas de concerto para as unidades 1-8 (Serenata, Coro, Romance e Andante).	Práctica de conxunto.

5.7 Adaptación en caso de docencia non presencial

Debido á crise sanitaria provocada polo COVID-19 cabe a posibilidade de que nalgún momento do curso a clase teña que ser non presencial si así o ditaminan as autoridades sanitarias e educativas. Neste caso os medios a empregar para o seguimento das clases serán gravacións do alumnado ou ben clases en rede cas plataformas e medios técnicos que permitan as autoridades educativas.

Estudo da boquilla e a emisión do son. O ligado.	Desenvolvemento da flexibilidade dos beizos coa práctica de intervalos ligados e posicións fixas. Terceiras e cuartas picadas e ligadas.
Escalas , de memoria e a 1 oitava (repaso das escalas do curso anterior)+ LaM e lam (<i>escalas menores: natural, harmónica e melódica</i>) cos arpexos respectivos.+ Esc. Cromática comenzando en do, re#, mi e fa. Utilización de diferentes dinámicas.	P. Wastall, Unidades: 17 á 19.
L. Thévet: Estudos seleccionados dende a pax. 62 ata a 65. + Pax. 80 estudos 1,2,3,4,5,6 e 7.+ Pax. 87 estudos 1, 2 e 3.	
M. Alphonse: Estudos 1 ao 12 (incluídos).	1 peza para tocar na audición do trimestre (preferiblemente de memoria)
Práctica da memoria.	Práctica de conxunto.

Segunda avaliación:

Estudo da boquilla, emisión do son e posicións fixas. O ligado.	Intervalos de cuarta e quinta, picados e ligados.
Escalas , de memoria e a 1 oitava (repaso das escalas do curso anterior)+ MibM e rem (<i>escalas menores: natural, harmónica e melódica</i>) cos arpexos respectivos.+ Esc. Cromática comenzando en do#, fa#, la e sib. Utilización de diferentes dinámicas.	P. Wastall: unidades 20 á 22.
L. Thévet: Estudos seleccionados dende a pax. 66 ata a 70. + Pax. 82 estudos 10,1,2,3,4 e 5 .+ Pax. 88 estudos 4, 5 e 6.	
M. Alphonse: estudos 13 ao 24 (incluídos).	1 Peza para a audición do trimestre (preferiblemente de memoria)
Práctica da memoria.	Práctica de conxunto.

Terceira avaliación:



Estudo da boquilla, emisión do son e posicións fixas. O ligado.	Escalas, de memoria e a 1 oitava de todas as escalas deste curso (DoM, FaM, SolM, Sib M, Re M, MibM, LaM, Lam e rem (<i>escalas menores: natural, harmónica e melódica</i>) cos arpejos respectivos.+ Esc. cromática comenzando en sol, sol#, mib e si. Utilización de diferentes dinámicas.
P. Wastall: Unidades 23 e 24+ as pezas de concerto (Solsticio, Canción de cuna, Entreacto, Danza rápida, Soliloquy e Canzoneta).	L. Thévet: Estudos seleccionados dende a pax. 71 ata a 75. + Pax. 83 estudos 1,2,3,4, 5 e 6 .+ Pax. 89 estudos 7, 8 e 9.
M. Alphonse: Unidades: 25 ata a 35 (incluídas).	1 Peza para a audición do trimestre (preferiblemente de memoria).
Práctica da memoria.	Práctica de conxunto.

7.7 Adaptación en caso de docencia non presencial

Debido á crise sanitaria provocada polo COVID-19 cabe a posibilidade de que nalgún momento do curso a clase teña que ser non presencial si así o ditaminan as autoridades sanitarias e educativas. Neste caso os medios a empregar para o seguimento das clases serán gravacións do alumnado ou ben clases en rede cas plataformas e medios técnicos que permitan as autoridades educativas.

Dadas as características da ensinanza dos instrumentos de vento metal e a experiencia obtida durante o confinamento no terceiro trimestre do curso 19-20, os obxectivos, contidos e criterios de avaliación non variarán respecto á docencia presencial. As audicións en público pasan a ser telemáticas co profesor ou gravacións do alumnado. Estas gravacións serán sen cortes si son de un só movemento, ou podendo ter cortes entre os diferentes movementos de ser o caso.

Sí se modifican os criterios de cualificación quedando como segue:

20%- Estudo individual e interpretación correcta das obras programadas

30%- Estudo individual e interpretación correcta dos estudos programados

20%- Actitude e compromiso fronte á materia.





30%- Técnica (posición corporal, control do rexistro agudo, flexibilidade, control da columna de aire, ...)

No caso de que nun trimestre se den clases presenciais e non presenciais, a cualificación será ponderada segundo o número de clases habidas en cada modalidade.

8. Curso: 4º GRAO ELEMENTAL

8.1 Obxectivos

- a) Adoptar unha posición corporal que permita respirar con naturalidade e que favoreza a correcta colocación do instrumento e a coordinación entre ambas as mans.
- b) Controlar o aire mediante a respiración diafragmática e os músculos que forman a embocadura, de xeito que posibilite unha correcta emisión, afinación, articulación e flexibilidade do son, adecuándonos ó nivel do alumnado.
- c) Saber utilizar con precisión os reflexos necesarios para corrixir automaticamente a afinación das notas e a calidade do son, acorde co nivel que estamos.
- d) Coñecer as características e as posibilidades sonoras do instrumento e sabelas utilizar, dentro das esixencias do nivel, tanto na interpretación individual como na de conxunto.
- e) Demostrar unha sensibilidade auditiva que permita o control permanente da afinación e o perfeccionamento continuo da calidade sonora adecuándose ó nivel.
- f) Interpretar un repertorio básico integrado por obras representativas de diferentes estilos, dunha dificultade acorde con este nivel.

8.2 Contidos

1. Práctica da relaxación e da respiración para o desenvolvemento da capacidade pulmonar, ademais dunha correcta posición corporal para unha adecuada iniciación instrumental.
2. Fortalecemento dos músculos faciais, mediante exercicios propostos polo profesor.





3. Desenvolvemento da sensibilidade auditiva como premisa para a obtención dunha boa calidade de son no rexistro de Fa1 a La4
4. Estudos de emisión do son, relacionado cunha correcta embocadura e unha boa respiración.
5. Principios básicos de dixitación no rexistro programado para este nivel.
6. Práctica das articulacións, traballando escalas e intervalos con diferentes articulacións: notas ligadas e picadas (sons curtos e sons tenutos tamén).
7. Traballo da dinámica, diferenciar os matices: p, mf, f, cresc e dim.
8. Desenvolvemento da flexibilidade dos labios, coa práctica de intervalos ligados e con posicións fixas. Neste nivel serán intervalos de 3ª M e m , e de 4ª M e m. ligado e picado.
9. Estudo da boquilla con exercicios propostos polo profesor, adecuados ás características do alumnado.
10. Adestramento permanente e progresivo da memoria.
11. Adquisición de hábitos de estudo correctos e eficaces.
12. Lectura á vista de obras ou fragmentos sinxelos.
13. Iniciación á comprensión das estruturas musicais nos seus niveis (motivos, temas, períodos, frases, seccións, etc...)
14. Selección progresiva canto ao grao de dificultade de exercicios, estudos e obras de repertorio que se consideren útiles para o desenvolvemento conxunto da capacidade musical e técnica do alumnado.
15. Práctica de conxunto nas colectivas para favorecer a escoita dos compañeiros e de un mesmo dentro do grupo.
16. Transporte de obras (Mib, Re, Sol, La)

8.3 Avaliación

Para proceder á avaliación do alumnado o profesor utilizará os seguintes instrumentos de avaliación:

IE1. Diario do profesor. Control do proceso de ensinanza-aprendizaxe.	IE2. Ficha de seguemento (Diario do alumno).
--	---





IE3. Lista de control.	IE4. Anecdótico (apéndice do profesor)
IE5. Grabacións (contando coa autorización dos representantes legais de acordo á normativa vixente de protección de datos e imaxes).	IE6. Redaccións . Sobre algún tema en concreto, ou algunha inquietude que xurda ao longo da sesión o unha unidade didáctica.
IE7. Escala de estimación	IE8. Enquisas
IE9. Eportfolio (carpeta con ficheiros)	IE10. Contrato profesor-alumno
IE11. Plan de acción semanal . Apoio ficha seguemento	IE12. Cuestionarios app. interactivos .
I.13. Cuestionario verbal av. Inicial	I.14. Plan Lector

A avaliación terá un carácter eminentemente formativo co fin de detectar as dificultades no instante en que se produzan e ofrecer medidas de reforzo en calquera momento do curso. Utilizaranse pois procedementos e ferramentas variados que permitirán valorar o que se quere medir en cada caso, e que serán determinados polo propio profesor/a en función da adecuación cos obxectivos e os contidos que pretenda avaliar.

Dita avaliación será en todo caso obxectiva, tendo en conta a dificultade de avaliar unha disciplina artística, transparente, xa que se aplicarán os criterios de avaliación e cualificación contidos nesta programación didáctica, e accesible, dado que alumnado e familias disporán de toda a información relacionada coa súa avaliación ao longo de todo o proceso de ensinanza – aprendizaxe.

Criterios de avaliación

- 1) Ler textos a primeira vista con fluidez e comprensión. Este criterio de avaliación pretende constatar a capacidade do alumnado para se desenvolver con certo grao de autonomía na lectura dun texto.
- 2) Memorizar e interpretar textos musicais empregando a medida, a afinación, a articulación e o fraseo adecuados ao seu contido. Este criterio de avaliación pretende





comprobar, a través da memoria, a correcta aplicación dos coñecementos teórico-prácticos da linguaxe musical.

3) Interpretar obras de acordo cos criterios do estilo correspondente. Este criterio de avaliación pretende comprobar a capacidade do alumnado para empregar o tempo, a articulación e a dinámica como elementos básicos da interpretación.

4) Describir logo dunha audición os trazos característicos das obras escoitadas. Con este criterio, preténdese avaliar a capacidade para percibir e relacionar cos coñecementos adquiridos os aspectos esenciais de obras que o alumnado poida entender segundo o seu nivel de desenvolvemento cognitivo e afectivo, aínda que non as interprete por seren novas para el ou por resultaren aínda inabordables pola súa dificultade técnica.

5) Amosar nos estudos e nas obras a capacidade de aprendizaxe progresiva individual. Este criterio de avaliación pretende verificar se o alumnado é capaz de aplicar no seu estudo as indicacións do profesorado e, con elas, desenvolver unha autonomía progresiva de traballo que lle permita valorar correctamente o seu rendemento.

6) Interpretar en público, ao menos unha peza de concerto, entre as obras representativas do seu nivel no instrumento, con seguridade e control da situación. Importante: tendo en conta a proximidade da proba de acceso que o alumno terá que facer ó rematar o cuarto curso para continuar no grao profesional, o mínimo esixible continúa sendo unha peza ó curso, pero neste curso pasa tamén a traballarse unha obra cada 10 sesións, tendo que tocar obrigatoriamente unha delas en audición pública e de memoria. Este criterio de avaliación trata de comprobar a capacidade de memoria e autocontrol, e o dominio da obra estudada. Así mesmo, pretende estimular o interese polo estudo e fomentar as capacidades de equilibrio persoal que lle permitan enfrontarse con naturalidade ante un público.

7) Actuar como membro dun grupo e manifestar a capacidade de tocar ou cantar, ao mesmo tempo que escoita e se adapta ao resto dos instrumentos ou das voces. Este criterio de avaliación presta atención á capacidade do alumnado para adaptar a súa





afinación, precisión rítmica, dinámica, etc., á dos seus compañeiros ou compañeiras nun traballo común, coma nas clases colectivas.

8) Interpretar pezas con outros compañeiros demostrando interese e compañeirismo seguindo as indicacións traballadas en clase.

9) Presentar o traballo diario semanal proposto cun nivel de estudio aceptable.

10) Presentar as escalas programadas para o curso tanto as maiores como as menores dentro do rexistro traballado.

11) Presentar unha actitude de compañeirismo e boa predisposición á hora de tocar en grupo ou no momento da sesión co profesor.

12) Os criterios de avaliación utilizaranse para observar a adquisición dos obxectivos que están programados para cada curso. Deste xeito, e atendendo á individualidade destas ensinanzas, así como á progresión única de cada alumno, os contidos reflexados nesta programación adecuaranse a cada alumno de forma personalizada, e os criterios de avaliación servirannos os profesores para medir durante todo o curso o grao de adquisición dos mencionados obxectivos. Polo tanto, estando o curso dividido por tres trimestres, o grao de adquisición ten que ser sumativo, polo que non se poden dividir os criterios de avaliación, senón que se teñen que ir sumando de forma gradual ata que no terceiro trimestre, e tal e como manda unha avaliación continua, se avalíe de forma conxunta todos os obxectivos acadados e os que non o están.

Mínimos exixibles

1º trimestre

Completar o programa de leccións e escalas proposto para o trimestre como mínimo ata o 50%.

MéTODO completo de L. Thevet: Pág 85, lec. 7. Pág 86, lec. 8, 9.

Estudios primarios de V. Zarzo. Vol 4: lec. 13, 14

Mostrar suficiente control dos contidos máis importantes para a práctica da trompa, e presentes en todo o trimestre como son: a relaxación e respiración, o son, a articulación, a afinación e o rexistro.

2º trimestre





Completar o programa de leccións e escalas proposto para o trimestre, como mínimo ata o 50%.

Estudios primarios de V. Zarzo. Vol 4: lec. 15, 23, 24.

Concone: lec 12,

Mostrar suficiente control dos contidos máis importantes para a práctica da trompa, e presentes en todo o trimestre como son: a relaxación e respiración, o son, a articulación, a afinación e o rexistro.

3º trimestre

Completar o programa de leccións e escalas proposto para o trimestre, como mínimo ata o 50%.

Concone: 17, 19.

Mostrar suficiente control dos contidos máis importantes para a práctica da trompa, e presentes en todo o trimestre como son: a relaxación e respiración, o son, a articulación, a afinación e o rexistro. Obtención dunha boa calidade do son no rexistro de La 1 a La4.

Escalas ata 4 alteracións.

Coñecemento do transporte de Mib, Re.

Romance de C. Saint-Saens.

En Irlanda de E. Bozza.

Procedementos e ferramentas de avaliación

A avaliación do alumnado constará de varias fases:

- 1. Avaliación inicial: será realizada ao comezar o curso, momento no que trataremos de detectar o grao de interese do alumnado cara a materia e ver se posúe coñecementos previos.
- 2. Avaliación formativa:
 - Avaliaremos nas sesións presenciais o proceso de aprendizaxe do alumnado para detectar os seus progresos e dificultades, podendo realizar unha atención individualizada.





- Realizaremos observacións sistemáticas a diario, que serán importantes para avaliar os contidos actitudinais.
- Realizaremos exercicios e actividades na aula, que permitan ao alumnado ir afianzando os contidos conceptuais e procedimentais (comentarios de partituras e de audicións).
- 3. Avaliación sumativa o final: permitíranos constatar en que medida os alumnos e alumnas alcanzaron os obxectivos propostos en cada unidade.

Non obstante, o carácter da avaliación será continuo: cada alumno/a superará o curso se presenta unha comprensión progresiva e unha aprendizaxe adecuada ao longo de todo o curso académico. Pese a importancia da audición final, esta non será determinante, xa que as actividades de cada unidade didáctica deseñáronse para ir observando o grado de asimilación e esforzo de cada alumno/a.

Criterios de cualificación

30%- Estudo individual e interpretación correcta das obras programadas

30%- Estudo individual e interpretación correcta dos estudos programados

20%- Actitude e compromiso fronte á materia.

20%- Técnica (posición corporal, control do rexistro agudo, flexibilidade, control da columna de aire,...).

8.4 Medidas de recuperación

Dado o carácter continuo da formación instrumental, o/a alumno/a deberá acadar o nivel do curso a recuperar antes de abordar o repertorio do curso seguinte. Non obstante, dado que o programa de cada curso é flexible, poderíase intercalar obras e exercicios de ambos cursos, sempre tendo en conta o criterio do/a profesor/a, sendo aconsellable que o/a alumno/a asista as clases colectivas do curso que debe recuperar.

Procedementos de recuperación ordinarios

Para os alumnos que suspendan algunha das avaliacións parciais do presente curso, realizarase un plan de traballo específico, baseado na programación didáctica da materia, que pode constar de novas actividades de reforzo e de avaliación nos aspectos que precisen de mellora. Dadas as peculiaridades da aprendizaxe instrumental, o feito





de centrarnos en maior medida nos aspectos non superados en trimestres anteriores non ten por que supor unha desviación dos obxectivos xerais do presente curso, pois moitos dos obxectivos e contidos están interrelacionados entre si e o traballo específico sobre calquera deles tamén inflúe no nivel de consecución dos demais. Así pois, no momento no que o alumno ou alumna supere ao longo do presente curso cada un dos obxectivos mínimos exixidos na avaliación ou avaliacións parciais que tivera pendentes, estas consideraranse superadas.

Para os alumnos que teñan a materia pendente do curso anterior realizárase un plan de traballo máis específico baseado na programación didáctica da materia e nos puntos que necesiten de unha máis grande mellora por parte do alumno ou alumna, e que poderá constar de novas actividades e/ou recursos complementarios, que axuden a reforzar ditos aspectos. Dadas as peculiaridades da aprendizaxe instrumental, o feito de centrarnos nos aspectos non superados en cursos anteriores non ten por que supor unha desviación dos obxectivos xerais do presente curso, pois moitos dos obxectivos e contidos están interrelacionados entre si e o traballo específico sobre calquera deles tamén inflúe no nivel de consecución dos demais. No momento no que o/a alumno/a supere cada un dos obxectivos mínimos esixidos para o curso que figure como pendente, poderase considerar superado o curso pendente correspondente.

Procedementos de avaliación nos casos en que a avaliación continua non é posible

Como se indica anteriormente, o procedemento xeral de avaliación é o da **avaliación continua** pero, se o profesor/a da materia considera que non ten os datos necesarios para avaliar a algún alumno/a de xeito continuo por mor das faltas de asistencia reiteradas, deberá convocalo para unha única proba (que poderá ter varias partes), de carácter escrita, oral ou instrumental, en función da materia, na semana de exames previa a todas as sesións de avaliación. Neste caso o alumno ou alumna será convocado-a para dita proba cunha semana de antelación, como mínimo.





Será o criterio do profesor ou profesora o que determine si un alumno/a non pode ser avaliado seguindo os procedementos ordinarios da avaliación continua pero, en todo caso, o número de ausencias do alumno/a deberá ser superior ao 50% das sesións de clase do trimestre.

A proba consistirá no seguinte:

- Interpretación da obra programada para o trimestre
- Catro estudos dos programados no trimestre (dous a elección do alumno e outros dous elixidos polo profesor/a)
 - Lectura a primeira vista dun fragmento musical coas dificultades técnicas apropiadas ao curso actual.
- As escalas e arpexios programados no trimestre

Os criterios de cualificación de dita proba serán os seguintes:

- 20% Interpretar a obra de acordo cos criterios do estilo correspondente.
- 20% Amosar a calidade técnica necesaria para a interpretación da obra.
- 30% Amosar a calidade técnica suficiente para a interpretación dos estudos.
- 5% Amosar unha facilidade de lectura acorde ao nivel na proba de primeira vista.
- 25% Amosar no conxunto da proba un son, control da afinación, dominio do rexistro agudo, flexibilidade e dinámicas adecuados ao curso no que esté matriculado o alumno/a.

A non asistencia á proba será cualificada coa nota mínima (1) por parte do profesor/a da materia na sesión de avaliación correspondente.

Probas extraordinarias

Esta proba realizarana as/os alumnas/os que non teñan superados os contidos mínimos ó remate das clases ordinarias.

Pedirase:

- Dúas obras das programadas no curso. (unha delas será escollida pola/o profesor/a)





- Catro estudos dos programados no curso. (dous a elección do alumno e outros dous elixidos polo profesor/a)

- Lectura a primeira vista

- Escalas e arpexios programados par o curso ca velocidade e articulacións que recolle a programación si é o caso.

Os criterios de cualificación de dita proba serán os seguintes:

-20% Interpretar a obra de acordo cos criterios do estilo correspondente.

-20% Amosar a calidade técnica necesaria para a interpretación da obra.

-30% Amosar a calidade técnica suficiente para a interpretación dos estudos.

-5% Amosar unha facilidade de lectura acorde ao nivel na proba de primeira vista.

-5% Coñecemento e correcta interpretación das escalas e arpexos, coas respectivas articulacións, programadas no curso.

-20% Amosar no conxunto da proba un son, control da afinación, dominio do rexistro agudo, flexibilidade e dinámicas adecuados ao curso no que estea matriculado o alumno/a.

8.5 Recursos didácticos

En canto aos recursos que imos necesitar para o desenrolo normal das clases, citamos os seguintes:

Recursos de aula: mesa, cadeiras suficientes, útiles de escritura, lousa con pentagramas, atrís suficientes, metrónomo, afinador, equipo de música, espello de corpo enteiro. Un piano acústico ou eléctrico e os instrumentos de metal precisos para o bo desenrolo das clases. En algún momento puntual tamén se precisará dos recursos do centro (minidisc, cámara de vídeo, reprodutor de vídeo, internet...).

Biblioteca de aula cos libros de estudo, exercicios e obras necesarias. Para poder gardar os materiais necesitaremos un armario-andel.





Cada alumno achegará o seu instrumento e accesorios de limpeza, así como os libros de estudos e exercicios.

Listado orientativo de obras e libros a utilizar no 4º curso do grao elemental:

EXERCICIOS DE TÉCNICA XERAL:

Práctica de sons largos como traballo determinante na produción dun bo son.	Coñecemento sobre a suxeición e posición correctas do instrumento
Práctica da flexibilidade básica: intervalos de 3ª e 4ª M e m.	Práctica de escalas: todas as tonalidades maiores e menores, ademais da práctica da memoria.
Práctica da escala cromática de Sol 1 a Mi-Fa 3	Práctica de ritmos e melodías improvisadas individuais e en grupo.
Práctica de exercicios simples encamiñados á respiración propostos polo profesor	Práctica de exercicios propostos polo profesor

MÉTODOS DE ESTUDO (secuenciado de maneira personalizada)

Look, Listen and Learn 3	Techni-cor, flexibilidade, staccatto, sincronismos e articulacións, seleccionados polo profesor, atendendo ás necesidades educativas do alumnado.
Premieres gammes. (escalas)	50 estudos de Barry Tuckwell
Maxime Alphonse vol. I estudos 1 a 1	Exercicios seleccionados polo profesor do Método para trompa de Lucien Thevet
Exercicios propostos polo profesor do libro "Lirical estudos" de Conconne	Estudos primarios para trompa, libro 4º, Vicente Zarzo
80 estudos progresivos, 61-80, Edmond Leloir	





OBRAS DE ESTUDIO CON ACOMPAÑAMENTO DE PIANO (unha por trimestre)

Hornpipe.Haendel	Romance Op. 36. C. Saint-Saëns
Canon a la octava..... Jean Françaix	The Swan..C Saint- Saens
En Irlande. .E. Bozza	In concert...P. Lawrence
Deuxieme solo. .Theo Servais	Fantasia Breve.. J. Pernoo
Evocaciones. M. Brotons. (Obra galega)	6 pezas melódicas: I e II.....C. Gounod
Concerto Nr.1. W.A. Mozart	Sonata I .. L. Cherubini

Temporalización dos Contidos

Primeira avaliación

Estudo da boquilla, emisión do son e posicións fixas. O ligado.	Práctica das distintas dixitacións, articulacións e dinámica. SolM, SiM, RebM, FaM (de memoria e a 1 oitava) e lam, rem,e mim (<i>escalas menores: natural, harmónica e melódica</i>) cos arpejos de ditas tonalidades.
Traballo da escala cromática (de memoria e a 1 oitava) dende do pedal, fa grave, e sib grave.	Práctica da flexibilidade dos beizos con terceiras, cuartas e quintas, picados e ligados.
M. Alphonse (libro 1º): estudos 36 ata o 48.	L. Thévet: Pax. 90 estudos 10,11,12,13,16,18,20 e 21.
C. Kopprasch: Estudo 1 e 1ª metade do 2.	1 peza ou concerto para a audición trimestral.
Práctica da memoria.	Práctica de conxunto.

Segunda avaliación:





Estudo da boquilla, emisión do son e posicións fixas. O ligado.	Práctica das distintas dixitacións, articulacións e dinámica. FaM, MiM, LabM, SolbM (de memoria e a 1 oitava) e sim e solm (<i>escalas menores: natural, harmónica e melódica</i>) cos arpejos de ditas tonalidades.
Traballo da escala cromática (de memoria e a 1 oitava) dende sol, fa#, mi grave e mib.	Desenvolvemento da flexibilidade dos beizos.
M. Alphonse (libro 1º): Estudos 49 ata 62.	L.Thévet: Pax. 95 estudos 3,4,5,6,8 e 9.
C. Kopprasch: 2ª metade do estudo 2 + estudo 3.	1 Peza deste trimestre+a peza do 1º trimestre, as dúas para a audición. (como preparación para a proba de acceso a 1º GP).
Práctica da memoria.	Práctica de conxunto.

Terceira avaliación:

Estudo da boquilla, emisión do son e posicións fixas. O ligado.	Práctica das distintas dixitacións, articulacións e dinámica. Todas as escalas (de memoria e a 1 oitava) maiores e lam, rem, mim, solm e sim (<i>escalas menores: natural, harmónica e melódica</i>) cos arpejos de ditas tonalidades.
Traballo da escala cromática (de memoria e a 1 oitava) dende do pedal ata sol agudo , comezando en calquera nota.	Práctica da flexibilidade dos beizos cos intervalos de sexta e sétima, picados e ligados.
M. Alphonse (libro 1): Estudos 63 ata o fin.	M. Alphonse (libro 2): 5 primeiros estudos.
C. Kopprasch: Estudio 4.	1 peza deste trimestre + as 2 pezas do 1º e 2º trimestre para esta audición. (como





	preparación para a proba de acceso a 1º GP).
Práctica da memoria.	Práctica de conxunto.
L. Thévet: Pax. 98, estudos 5,6,7,9,11,13 e 14.	

8.6 Adaptación en caso de docencia non presencial

Debido á crise sanitaria provocada polo COVID-19 cabe a posibilidade de que nalgún momento do curso a clase teña que ser non presencial si así o ditaminan as autoridades sanitarias e educativas. Neste caso os medios a empregar para o seguimento das clases serán gravacións do alumnado ou ben clases en rede cas plataformas e medios técnicos que permitan as autoridades educativas.

Dadas as características da ensinanza dos instrumentos de vento metal e a experiencia obtida durante o confinamento no terceiro trimestre do curso 19-20, os obxectivos, contidos e criterios de avaliación non variarán respecto á docencia presencial. As audicións en público pasan a ser telemáticas co profesor ou gravacións do alumnado. Estas gravacións serán sen cortes si son de un só movemento, ou podendo ter cortes entre os diferentes movementos de ser o caso.

Sí se modifican os criterios de cualificación quedando como segue:

20%- Estudo individual e interpretación correcta das obras programadas

30%- Estudo individual e interpretación correcta dos estudos programados

20%- Actitude e compromiso fronte á materia.

30%- Técnica (posición corporal, control do rexistro agudo, flexibilidade, control da columna de aire, ...)

No caso de que nun trimestre se den clases presenciais e non presenciais, a cualificación será ponderada segundo o número de clases habidas en cada modalidade.





9. Curso: 1º GRAO PROFESIONAL

9.1 Obxectivos

O ensino da trompa no primeiro curso do Grao Profesional LOE, terá como obxectivo contribuír a desenvolver nos alumnos as capacidades seguintes:

- a) Mellorar progresivamente a técnica e a sonoridade da trompa dentro do nivel esixido neste ciclo
- b) Aplicar progresivamente os coñecementos musicais adquiridos para unha correcta interpretación instrumental
- c) Interpretar obras de diversas épocas e estilos cunha dificultade progresiva e adecuada ó nivel
- d) Participar en actividades musicais de conxunto con grupos e formacións variadas que se poidan formar.
- e) Coñecer progresivamente os criterios interpretativos do propio instrumento en cada período musical, aplicándoos ó estudio do repertorio proposto.
- f) Desenvolver a capacidade de lectura a primeira vista e aplicar con autonomía progresivamente maior os coñecementos musicais para a improvisación co instrumento, así como un bo uso da memoria á hora de interpretar.

9.2 Contidos

- 1) Perfeccionamento progresivo da velocidade co instrumento no rexistro esixido neste ciclo (Do grave- La agudo)
- 2) Estudo do rexistro agudo proposto para este ciclo: Sol – La b – La, con exercicios propostos polo profesor.
- 3) Estudo da ornamentación con estudos e obras axeitadas, con especial atención ós trinos e grupetos, e a súa boa entoación e articulación.
- 4) Coñecemento progresivo do repertorio trompístico solista con obras axeitadas para este ciclo, e audicións comentadas de diferentes versións da mesma obra.
- 5) Iniciación ó estudio do dobre picado, e o seu bo uso.





- 6) Perfeccionamento no fraseo musical nas obras e estudos coidando os elementos máis importantes: expresión, dinámicas, cor sonoro, carácter, etc... e concienciando ó alumno da adquisición dun criterio persoal diferenciado dun criterio global de calidade.
- 7) Adquisición progresiva no rexistro traballado da igualdade e calidade do son
- 8) Utilización da memoria musical na interpretación de obras, estudos e técnica, así como no estudio diario.
- 9) Perfeccionamento da lectura a primeira vista

9.3 Avaliación

Para proceder á avaliación do alumnado o profesor utilizará os seguintes instrumentos de avaliación:

IE1. Diario do profesor. Control do proceso de ensinanza-aprendizaxe.	IE2. Ficha de seguemento (Diario do alumno).
IE3. Lista de control.	IE4. Anecdótico (apéndice do profesor)
IE5. Grabacións (contando coa autorización dos representantes legais de acordo á normativa vixente de protección de datos e imaxes).	IE6. Redaccions. Sobre algún tema en concreto, ou algunha inquietude que xurda ao longo da sesión o unha unidade didáctica.
IE7. Escala de estimación	IE8. Enquisas
IE9. Eportfolio (carpeta con ficheiros)	IE10. Contrato profesor-alumno
IE11. Plan de acción semanal. Apoio ficha seguemento	IE12. Cuestionarios app. interactivos.
I.13. Cuestionario verbal av. Inicial	I.14. Plan Lector

A avaliación terá un carácter eminentemente formativo co fin de detectar as dificultades no instante en que se produzan e ofrecer medidas de reforzo en calquera momento do curso. Utilizaranse pois procedementos e ferramentas variados que permitirán valorar o que se quere medir en cada caso, e que serán determinados polo propio profesor/a en función da adecuación cos obxectivos e os contidos que pretenda avaliar.





Dita avaliación será en todo caso obxectiva, tendo en conta a dificultade de avaliar unha disciplina artística, transparente, xa que se aplicarán os criterios de avaliación e cualificación contidos nesta programación didáctica, e accesible, dado que alumnado e familias disporán de toda a información relacionada coa súa avaliación ao longo de todo o proceso de ensinanza – aprendizaxe.

Criterios de avaliación

- 1) Empregar o esforzo muscular e a respiración axeitada para a execución instrumental.
- 2) Demostrar dominio na execución de estudos e obras sen desligar os aspectos técnicos dos musicais.
- 3) Demostrar sensibilidade auditiva na afinación e no uso das posibilidades sonoras do instrumento.
- 4) Interpretar obras dos distintos estilos e épocas como solista e en grupo.
- 5) Interpretar de memoria obras do repertorio solista de acordo cos criterios de estilo correspondentes.
- 6) Mostrar autonomía na resolución de problemas técnicos e interpretativos.
- 7) Presentar en público programas axeitados ó nivel demostrando capacidade comunicativa e calidade artística.
- 8) Descubrir e razoar os trazos característicos das obras escoitadas en audicións de concertos en directo ou de gravacións.
- 9) Ler a primeira vista fragmentos musicais acorde ó nivel.
- 10) Demostrar seguridade e precisión no uso da terminoloxía axeitada para formular xuízos persoais acerca das obras estudadas e aquelas que gozan de especial significación.

Mínimos exixibles

1º trimestre

Completar o programa de leccións e escalas proposto para o trimestre como mínimo ata o 50%.





Mostrar suficiente control dos contidos máis importantes para a práctica da trompa, e presentes en todo o trimestre como son: a relaxación e respiración, o son, a articulación, a afinación e o rexistro.

Metodo de M. Alphonse Vol 1: lec. 31, 34, 36, 42

Método completo de L. Thevet vol 1: Pág 101, lec. 18, 19, 20. Pág 104, lec. 29, 30, 31, 32.

Sonata nº1 de Cherubini.

2º trimestre

Completar o programa de leccións e escalas proposto para o trimestre, como mínimo ata o 50%.

Metodo de M. Alphonse Vol 1: lec. 42, 43, 44

Método completo de L. Thevet vol 1: Pág 134, lec. 16, 17, 18, 19. Pág 150, lec 9.

Mostrar suficiente control dos contidos máis importantes para a práctica da trompa, e presentes en todo o trimestre como son: a relaxación e respiración, o son, a articulación, a afinación e o rexistro.

3º trimestre

Completar o programa de leccións e escalas proposto para o trimestre, como mínimo ata o 50%.

Mostrar suficiente control dos contidos máis importantes para a práctica da trompa, e presentes en todo o trimestre como son: a relaxación e respiración, o son, a articulación, a afinación e o rexistro.

Escalas e articulacións do Método completo de L. Thevet, vol 2.

Metodo de M. Alphonse Vol 1: 148, 70.

Transporte de Mib, Re, Reb, Fa, Fa#, Sol, Lab, La.

Concierto nº1 de Mozart

Procedementos e ferramentas de avaliación

A avaliación do alumnado constará de varias fases:





- 1. Avaliación inicial: será realizada ao comezar o curso, momento no que trataremos de detectar o grao de interese do alumnado cara a materia e ver se posúe coñecementos previos.
- 2. Avaliación formativa:
 - Avaliaremos nas sesións presenciais o proceso de aprendizaxe do alumnado para detectar os seus progresos e dificultades, podendo realizar unha atención individualizada.
 - Realizaremos observacións sistemáticas a diario, que serán importantes para avaliar os contidos actitudinais.
 - Realizaremos exercicios e actividades na aula, que permitan ao alumnado ir afianzando os contidos conceptuais e procedimentais (comentarios de partituras e de audicións).
- 3. Avaliación sumativa o final: permitíranos constatar en que medida os alumnos e alumnas alcanzaron os obxectivos propostos en cada unidade. Non obstante, o carácter da avaliación será continuo: cada alumno/a superará o curso se presenta unha comprensión progresiva e unha aprendizaxe adecuada ao longo de todo o curso académico. Pese a importancia da audición final, esta non será determinante, xa que as actividades de cada unidade didáctica deseñáronse para ir observando o grao de asimilación e esforzo de cada alumno/a.

Criterios de cualificación

30%- Estudo individual e interpretación correcta das obras programadas

30%- Estudo individual e interpretación correcta dos estudos programados

20%- Actitude e compromiso fronte á materia.

20%- Técnica (posición corporal, control do rexistro agudo, flexibilidade, control da columna de aire, ...)

Á hora de cualificar ao alumnado, debemos ter en conta, que todos e cada un dos obxectivos, contidos e criterios de avaliación mencionados anteriormente, sexan aplicados e comprendidos de forma progresiva, en cada un dos cursos, de maneira que cada curso anterior, non sexa nada mais que un paso adiante para chegar ao seguinte





obxectivo, que será o próximo curso. Isto posibilitará que o alumno se sinta cada vez mais seguro, cómodo, motivado e por suposto, tocar obras, pasaxes e exercicios de maior dificultade cada vez, coa mesma naturalidade, soltura e seguridade.

Os resultados da avaliación expresaranse en nota numérica comprendida de 1 a 10.

Para a cualificación final terase en conta o grao de consecución dos obxectivos e en base aos criterios de avaliación. A valoración numérica virá determinada polo cumprimento dos obxectivos.

9.4 Ampliación de matrícula

O procedemento para a solicitude e resolución de ampliación de matrícula pódese consultar nas N.O.F. do Centro (dispoñibles na páxina web)

Criterios para a ampliación de matrícula

Para proceder á ampliación de matrícula, o alumnos/a deberá demostrar nunha proba práctica que cumpre cos mínimos esixidos no curso no que está matriculado/a. Estes mínimos está na programación de cada curso.

Os criterios de avaliación serán:

- Facer un uso correcto da respiración e ter unha posición corporal axeitada á práctica instrumental.
- Demostrar dominio sobre a calidade do son, timbre e afinación do instrumento.
- Amosar nos estudos, nas obras e nas escalas programadas que é capaz de superar todas as dificultades tanto técnicas do propio instrumento como de lectura que podan aparecer.

Os criterios de cualificación serán:

- 40%- Interpretación correcta das obras programadas
- 40%- Interpretación correcta dos estudos programados
- 20%- Técnica (posición corporal, control do rexistro agudo, flexibilidade, control da columna de aire, ...)

A proba valorarase de 1 a 10 no que a partir do 5 a cualificación é positiva.





9.5 Medidas de recuperación

Dado o carácter continuo da formación instrumental, o/a alumno/a deberá acadar o nivel do curso a recuperar antes de abordar o repertorio do curso seguinte. Non obstante, dado que o programa de cada curso é flexible, poderíase intercalar obras e exercicios de ambos cursos, sempre tendo en conta o criterio do/a profesor/a, sendo aconsellable que o/a alumno/a asista as clases colectivas do curso que debe recuperar.

Procedementos de recuperación ordinarios

Para os alumnos que suspendan algunha das avaliacións parciais do presente curso, realizarase un plan de traballo específico, baseado na programación didáctica da materia, que pode constar de novas actividades de reforzo e de avaliación nos aspectos que precisen de mellora. Dadas as peculiaridades da aprendizaxe instrumental, o feito de centrarnos en maior medida nos aspectos non superados en trimestres anteriores non ten por que supor unha desviación dos obxectivos xerais do presente curso, pois moitos dos obxectivos e contidos están interrelacionados entre si e o traballo específico sobre calquera deles tamén inflúe no nivel de consecución dos demais. Así pois, no momento no que o alumno ou alumna supere ao longo do presente curso cada un dos obxectivos mínimos esixidos na avaliación ou avaliacións parciais que tivera pendentes, estas consideraranse superadas.

Para os alumnos que teñan a materia pendente do curso anterior realizarase un plan de traballo mais específico baseado na programación didáctica da materia e nos puntos que necesiten de unha mais grande mellora por parte do alumno ou alumna, e que poderá constar de novas actividades e/ou recursos complementarios, que axuden a reforzar ditos aspectos. Dadas as peculiaridades da aprendizaxe instrumental, o feito de centrarnos nos aspectos non superados en cursos anteriores non ten por que supor unha desviación dos obxectivos xerais do presente curso, pois moitos dos obxectivos e contidos están interrelacionados entre si e o traballo específico sobre calquera deles tamén inflúe no nivel de consecución dos demais. No momento no que o/a alumno/a supere cada un dos obxectivos mínimos exixidos para o curso que figure como pendente, poderase considerar superado o curso pendente correspondente.





Procedementos de avaliación nos casos en que a avaliación continua non é posible

Como se indica anteriormente, o procedemento xeral de avaliación é o da **avaliación continua** pero, se o profesor/a da materia considera que non ten os datos necesarios para avaliar a algún alumno/a de xeito continuo por mor das faltas de asistencia reiteradas, deberá convocalo para unha única proba (que poderá ter varias partes), de carácter escrita, oral ou instrumental, en función da materia, na semana de exames previa a todas as sesións de avaliación. Neste caso o alumno ou alumna será convocado para dita proba cunha semana de antelación, como mínimo.

Será o criterio do profesor ou profesora o que determine si un alumno/a non pode ser avaliado seguindo os procedementos ordinarios da avaliación continua pero, en todo caso, o número de ausencias do alumno/a deberá ser superior ao 50% das sesións de clase do trimestre.

A proba consistirá no seguinte:

- Interpretación da obra programada para o trimestre
- Catro estudos dos programados no trimestre (dous a elección do alumno e outros dous elixidos polo profesor/a)
 - Lectura a primeira vista dun fragmento musical coas dificultades técnicas apropiadas ao curso actual.
- As escalas e arpejos programados no trimestre

Os criterios de cualificación de dita proba serán os seguintes:

- 20% Interpretar a obra de acordo cos criterios do estilo correspondente.
- 20% Amosar a calidade técnica necesaria para a interpretación da obra.
- 30% Amosar a calidade técnica suficiente para a interpretación dos estudos.
- 5% Amosar unha facilidade de lectura acorde ao nivel na proba de primeira vista.
- 25% Amosar no conxunto da proba un son, control da afinación, dominio do rexistro agudo, flexibilidade e dinámicas adecuados ao curso no que estea matriculado o alumno/a.





A non asistencia á proba será cualificada coa nota mínima (1) por parte do profesor/a da materia na sesión de avaliación correspondente.

Probas extraordinarias

Esta proba realizarana as/os alumnas/os que non teñan superados os contidos mínimos ó remate das clases ordinarias.

Pedirase:

- Dúas obras das programadas no curso. (unha delas será escollida pola/o profesor/a)
- Catro estudos dos programados no curso. (dous a elección do alumno e outros dous elixidos polo profesor/a)
- Lectura a primeira vista
- Escalas e arpejos programados par o curso ca velocidade e articulacións que recolle a programación si é o caso.

Os criterios de cualificación de dita proba serán os seguintes:

- 20% Interpretar a obra de acordo cos criterios do estilo correspondente.
- 20% Amosar a calidade técnica necesaria para a interpretación da obra.
- 30% Amosar a calidade técnica suficiente para a interpretación dos estudos.
- 5% Amosar unha facilidade de lectura acorde ao nivel na proba de primeira vista.
- 5% Coñecemento e correcta interpretación das escalas e arpejos, coas respectivas articulacións, programadas no curso.
- 20% Amosar no conxunto da proba un son, control da afinación, dominio do rexistro agudo, flexibilidade e dinámicas adecuados ao curso no que esté matriculado o alumno/a.

9.6 Recursos didácticos.

EXERCICIOS DE TÉCNICA XERAL:

Escalas maiores e menores ata catro alteracións , cos seus arpejos, en	Intervalos de 4ª, 5ª e 6ª maiores e menores, ligado e picado., a traballar de
--	---





diferentes articulacións e tempos.	memoria e coa axuda de libros como o Lucien Thevet ou exercicios propostos polo profesor.
Estudo do rexistro grave a través de cromatismos entre o Fa grave e o Do grave, coa trompa en Fa, e axudándonos da sordina bouché para o afianzamento dos músculos faciais.	Traballo dos trinos de labio nun rexistro comprendido entre o mi e o do.
Exercicios de transporte para trompa en Mib e trompa en Re	Traballo con exercicios propostos polo profesor, e escollidos nos libros Tecni-cor, de Daniel Bourgue (flexibilidade, staccatto, sincronismo e articulación)

MÉTODOS DE ESTUDO (secuenciado de maneira personalizada)

The Complete horn Scale book	Maxime alphonse volume I
Daniel Bourgue, vol. I, II, III e IV	Lucien Thevet vol. I, exercicios propostos polo profesor. Estudos entre pax.71 e pax. 116.
Lucien Thevet vol 2 (escalas	Estudios trompa grave M. Hacklemann. Estudos propostos polo profesor.

OBRAS DE ESTUDO (coma mínimo, unha por trimestre)

Sonata nº 1.....L. Cherubini	Ballade.....E. Grieg
Concierto nº1.....Mozart	Sonata en Fa..... A. Corelli
En Irlanda.....E. Bozza	La desconvenienciA, R. Biveinis. (Obra galega)
Bach cello suites I-VI, arr. D. Bourgue	Four pieces, Pizka. H. edition..... R. Gliere





6 piezas melódicas..... C. Gounod	Baroque is Back, vol I e II
-----------------------------------	-----------------------------

REPERTORIO ORQUESTAL

Orchester probenspiel, horn repertoire, unbrigded (thompson edition)...

Temporalización dos contidos

Primeira avaliación:

Desenvolvemento da velocidade en toda a extensión do instrumento. Todas as escalas maiores e as menores (la, re, mi, sol, si, do e fa#) cos seus arpejos, a 2 oitavas e de memoria. En diferentes articulacións e tempos.	Escala cromática comezando en calquer nota e a 2 oitavas de rexistro. Picado, ligado, e de memoria.
Estudo do rexistro agudo: intervalos de terceira, cuarta e quinta, picados e ligados.	Estudo de Pedales, picados e ligados.
Iniciación aos trinos.	M. Alphonse (2º libro): Estudos 6 ao 17 (incluídos).
L. Thevet(1º vol.): Pax. 108 exercizos 1,2,3,4,5,6,7,8 e 11. Pax. 123 exercizos 1,2 e 3. Pax.136 exercizos 1,2 e 3.	C. Kopprasch: Estudos 5 e 6.
Estudio de unha das obras propostas no curso, con especial atención aos elementos do fraseo musical.	

Segunda avaliación:

Desenvolvemento da velocidade en toda a extensión do instrumento. Todas as escalas maiores e as menores (la, re, mi, sol, si, do e fa#) cos seus arpejos, a 2 oitavas e de memoria. En diferentes articulacións e tempos.	Escala cromática comezando en calquer nota e a 2 oitavas de rexistro. Picado, ligado, e de memoria.
Estudo do rexistro agudo: intervalos picados e ligados.	Estudo de Pedales picados e ligados.





Iniciación aos trinos.	M. Alphonse (2º libro): estudos 18 ao 29 (incluídos).
C. Kopprasch: Estudos 7 e 8.	Estudo de unha das obras propostas no curso, con especial atención aos elementos do fraseo musical.
L. Thevet (1º vol.): Pax. 111 exercizos 1,2,3,4,5,6 e 8. Pax.113 exercizos 1,2 e 3. Pax. 124 exercizos 4,5 e 6. Pax.137 exercizos 4,5,6 e 7	

Terceira avaliación:

Desenvolvemento da velocidade en toda a extensión do instrumento. Todas as escalas maiores e as menores (la, re, mi, sol, si, do e fa#) cos seus arpexios, a 2 oitavas e de memoria. En diferentes articulacións e tempos.	Escala cromática comezando en calquer nota e a 2 oitavas de rexistro. Picado, ligado, e de memoria.
Estudo do rexistro agudo: intervalos picados e ligados.	Perfeccionamento da igualdade sonora e tímbrica co repaso dalgunhas pedales xa estudadas anteriormente.
Iniciación aos trinos.	M. Alphonse (2º libro): Estudos 30 ata o fin.
L. Thevet (1º vol.): Pax 114 exercizos 4,5,6,7,8,9 e 12. Pax. 125 exercizos 7,8 e 9. Pax. 138 exercizos 8,9 e 10.	
C. Kopprasch: Estudos 9 e 10.	Estudo de unha das obras propostas no curso, con especial atención aos elementos do fraseo musical.

9.7 Adaptación en caso de docencia non presencial

